

GUÍA DOCENTE DE **DANZA E BAILE TRADICIONAL XERAL**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: DANZA E BAILE TRADICIONAL XERAL										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO				Etnomusicoloxía	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO					
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2h.
ECTS/CUAD.		6							Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo das danzas e bailes tradicionais máis representativas da Península Ibérica como manifestacións e expresións culturais dun pobo
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T4, T8
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, X12, X14, X18
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM 2, EM3, EM5, EM6
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer a música tradicional a través da danza e valorar esta como expresión cultural do pobo	X12, X14, EM2, EM5
Analizar os aspectos relacionados co mundo da danza e o baile tradicional: as melodías, as coreografías, os traxes, así coma a organoloxía	T2, T4, T8, X18, EM3, EM6
Recoñecer as principais manifestacións musicais danzadas españolas, relacionándoas coas formas e xéneros musicais coñecidos	X5, X12, X14, EM5

4. CONTIDOS
1. A danza tradicional e popular 1.1. O baile e a danza en España. 1.2. O folklorismo. 1.3. Bailes e danzas: diferenzas e clasificacións
2. Clasificación de bailes e danzas: Bailes e danzas rituais, representativas e de diversión
3. Bailes e danzas folklóricas en España 3.1. Jota, seguidilla, fandango e flamenco. 3.2. Zona norte. 3.3. Bailes do interior. 3.4. Outros bailes



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición teórico-práctica	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Lectura guiada de fontes	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Investigación e exposición de traballos	Presencial	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presencial	Permanente
Titorías	Presencial	Esporádicamente
Actividades de avaliación	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*